



## MeteoSIX - Nova versión da API

Estimado usuario da API do MeteoSIX,

Queremos informarlle que o 9 de Xuño do 2014 publicouse a versión 3 desta aplicación (<http://servizos.meteogalicia.es/apiv3/>). Esta versión non é compatible con versións anteriores, debido a que se variaron algúns parámetros e comportamentos.

As principais novidades desta versión pode consultalas en [http://servizos.meteogalicia.es/api\\_manual/gl/whatsnew.html](http://servizos.meteogalicia.es/api_manual/gl/whatsnew.html).

Os usuarios dados de alta en versións anteriores manteñen a súa clave, polo que non necesitan soliciala de novo.

A versión 2 da API manterase activa até o 30 de Setembro do 2014. Se dispón dalgunha aplicación que se conecte á versión 2 da API, suxerímoslle que a cambie á versión 3 antes desta data.

Os manuais en liña e en formato pdf accesibles desde a páxina do MeteoSIX (<http://www.meteogalicia.es/web/proxectos/meteosix.action>) foron actualizados á versión 3.

O manual da versión 2 en pdf pode seguir consultándoo en: [http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/proxectos/meteosix/manuales\\_APIv2/API\\_MeteoSIX\\_gl.pdf](http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/proxectos/meteosix/manuales_APIv2/API_MeteoSIX_gl.pdf)

Máis información en: <http://www.meteogalicia.es/web/proxectos/meteosix.action>

Para calquera dúbida pode escribirmos á dirección [sistemas.informacion@meteogalicia.es](mailto:sistemas.informacion@meteogalicia.es)

Un saúdo,

Dep. de Sistemas da Información  
MeteoGalicia